



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Álvarez Rodríguez, Pablo
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
González Crespán, Araceli
González Pillado, Esther M^a.
Loureiro López, David
Montero Muñoz, María

DESCULPA ASISTENCIA

Barreiro Blas, Antonio

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 28 de maio de dous mil oito ás 09:00 horas en primeira convocatoria e ás 09:30 horas en segunda.

O **mércores**, día **28 de maio de 2008**, ás 09:30 horas, na Sala de Xuntas da Xerencia, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 22 de maio de 2008.
2. Proclamación definitiva de resultados nas eleccións a membros do Claustro Universitario polo sector de estudantes.
3. Proclamación definitiva de resultados nas eleccións a membros dos Consellos de Departamento polo sector de estudantes.
4. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 22 de maio de 2008.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Proclamación definitiva de resultados nas eleccións a membros do Claustro Universitario polo sector de estudantes.

Cédese a palabra a secretaria xeral, quen sinala que só hai unha reclamación por escrito, por un erro material no nome dunha alumna Sonia Tourón Estévez a cal se lle puxo o nome de Mónica.

Apróbase por asentimento. (**Anexo I**)

Punto 3. Proclamación definitiva de resultados nas eleccións a membros dos Consellos de Departamento polo sector de estudantes.


Apróbase por asentimento. (**Anexo II**)

Punto 4. Rogos e preguntas.

A presidenta da comisión electoral fai un agradecemento a todos pola colaboración de todos e polo traballo da Secretaría Xeral.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 09:35 horas do día 28 de maio de 2008, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral



María Montero Muñoz

A secretaria da Comisión Electoral



Esther M. González Pillado